



## ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO 26 DE XULLO DE 2021

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de **RIBEIRA**, sendo as **vinte horas** do luns **26 de xullo de de 2021** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 21-07-2021, reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación os efectos de celebrar **Sesión de Pleno ordinario** baixo a modalidade de “telemático” (*coa presenza física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais e o Sr. alcalde-presidente*) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### Partido Popular (PP)

- 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
- 2.-María José Sampedro Fernández
- 3.-Ramón José Doval Sampedro.
- 4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
- 6.-Victor Reiriz Lampón
- 7.-Juana María Brión Santamaría
- 8.-Elvira Pereira Ageitos.
- 9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos

### Partido Barbanza Independiente (PBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-María Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
- 4.-Emilio Andrés González Regueira.
- 5.-Gerardo Pardavila Fernández.
- 6.-Asier Casais Álvarez
- 7.-Tania Redondo Fernández

### Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)

- 1.-José Manuel Vilas Álvarez





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

2.-José Manuel Suárez Puerta Sirgado.

**Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)**

1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas

2.-Luis Antonio Pérez Barral

**Suma Ribeira (SR)**

1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo. **D. Pablo Bao Castro**.

**Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.**

A continuación pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 28 DE XUÑO DE 2021.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **28 de xuño de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **28 de xuño de 2021**.

Polo **Sr. Pérez Barral, concelleiro do grupo municipal do BNG**, faise constar que no punto nº **8.-PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE O APARCADOIRO DO CENTENARIO**

**Onde dí:**

“.....

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **aproba a emenda do GM do PP sobre proposición do GM Ps de G-Psoe sobre PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE O APARCADOIRO DO CENTENARIO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:





**ÚNICO:**-Que o concello de Ribeira proceda a realizar unha **memoria técnica para determinar a xestión pública do aparcadoiro do Centenario** e a súa elevación ao pleno para a súa consideración.”

## Debe dicir:

“.....

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **aproba** a **emenda do GM do PP** sobre proposición do **GM Ps de G-Psoe** sobre **PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE O APARCADOIRO DO CENTENARIO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:

**PUNTO ÚNICO.** Que unha vez coñecido o custe que vai suponer ao concello o rescate do aparcadoiro se estuden as distintas alternativas de xestión posible”.

Sen máis observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno, unha vez correxido o erro indicado:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **28 de xuño de 2021**.

## **2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACION ORDENANZA FISCAL B.1.16 TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A PLENO.

Plantéxase unha modificación da Ordenanza B.1.16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A modificación a introducir obedece as seguintes causas:

A modificación responde á adaptación da ordenanza á normativa vixente, contida no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de novembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, logo do requerimento da Inspección dos Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Xunta de Galicia.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

De acordo co requerimento dos Servizos de Inspección ,compre adaptar a Ordenanza Fiscal nos artigos relativos a cota tributaria, e pago, sobre o cálculo da capacidade económica, e a súa actualización de acordo co no Decreto 149/2013, de 5 de setembro.

Polo que respecta á cota tributaria incluirá: a determinación do cálculo para acceso de persoas por dependencia e libre concorrencia (incluir a referencia ao cálculo das persoas que acceden de forma ordinaria), e a táboa de servizos complementarios para o caso de que o concello asuma esta prestación.

Polo que respecta ao pago, a determinación do pago mensual (horas efectivamente prestadas e explicación do importe).

A modificación resultante será a seguinte:

ARTIGO AFECTADO	ARTIGO 4.- BASE IMPOÑIBLE
Motivación da modificación	Cambio de denominación do artigo. Este artigo pasa a denominarse <b>cota tributaria</b> , e xunto co artigo 7 (na nova redacción 6), explica o importe a aboar mensualmente por os usuarios do servizo. Recollen o explicado no anterior artigo 4 da Base Imponible. A finalidade do cambio obedece a unha maior comprensión de acordo coa normativa de aplicación.  Coa nova denominación do artigo 4 os artigos seguintes se reenumeran.

ARTIGO AFECTADO	ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA
Motivación da modificación	Cálculo da capacidade económica de acordo coa normativa, para as persoas que accedan ao servizo a través do sistema de dependencia e libre concorrencia; inclúe o cálculo das persoas que acceden de forma ordinaria. Inclusión da táboa de servizos complementarios a nivel básico de acordo coa normativa, para o caso de que o concello prestase.  No apartado a) corríxese os importes das porcentaxes por existir un erro de transcripción na anterior redacción.  Este artigo na modificación se renumera e pasa a ser o artigo 4.

ARTIGO AFECTADO	ARTIGO 7.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO E PERÍODO IMPOSITIVO
Motivación da modificación	Determinación do cálculo do pago mensual que deberá aboar mensualmente cada beneficiario, en función da aplicación das % das tarifas, sobre o produto da multiplicación do prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais efectivamente prestadas. Modificouse a parte final, dado que figuraba "horas mensuais do mesmo concedidas ó usuario" e realmente as que se deben facturar son as efectivamente prestadas.



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

	<p><i>O prezo hora virá determinado en cada momento, polo custo que para o Concello resulte de aplicación da licitación do contrato da prestación do servizo de axuda no fogar. En lugar de establecer a cantidade concreta como recollía a anterior ordenanza no artigo 4 da base impositiva, faise referencia a que estará determinada polo prezo de licitación do servizo.</i></p> <p><i>Indícase a actualización da capacidade económica das persoas en situación de dependencia, de acordo co artigo 18 do Decreto 149/2013, de 5 de setembro.</i></p> <p><i>Este artigo na modificación se renumera e pasa a ser o artigo 6.</i></p>
--	--

Vistos os informes da Xefa de servizo do Departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Ribeira, da Secretaría, Intervención e Tesourería Municipais, que figuran no expediente, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobación da modificación da ordenanza fiscal que se indica:

<p><b>NOVA REDACCIÓN</b></p> <p>ARTIGO 4.- Cota tributaria.</p> <p><i>O importe da taxa regulada na presente Ordenanza determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas en relación ao IPREM que se publique na Lei de Orzamentos para o Estado para o ano en curso.</i></p> <p><i>Para a determinación da capacidade económica das persoas que accedan ao servizo a través do sistema de dependencia, estarase ao disposto no decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención das persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custe.</i></p> <p><i>Estas porcentaxes adecuaranse ós termos indicados nos decretos e ordes que desenrolen a devandita Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia.</i></p> <p><i>No caso de que a persoa usuaria acceda ao servizo de forma ordinaria, a capacidade económica se calculará de conformidade co establecido no artigo 60 Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.</i></p> <p><i>A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar en función da capacidade</i></p>
---



FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/07/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 27/07/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2021 12:43:56





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**económica dos usuarios:**

a) Para o caso da prestación do servizo ordinario:

Capacidade económica	Copagamento
Menor ou igual do 0,80% do IPREM	0
Maior do 80% do IPREM e menor ou igual a 125% do IPREM	15%
Maior de 125% IPREM e menor ou igual a 150% do IPREM	20%
Maior de 150% e menor ou igual a 175% do IPREM	40%
Maior de 175% e menor do a 200% do IPREM	50%
Maior de 200% e menor do 225% do IPREM	65%
Maior do 225% e menor ou igual do 250% do IPREM	70%
Maior de 250% do IPREM	90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social”.

b) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia:

A cota tributaria será a resultante de aplicar á capacidade económica do usuario a porcentaxe establecida para cada grao de dependencia, de acordo a seguinte taboa:

% IPREM Ata	Grao I <=20 h	Grao II <=45 h	Grao III <=70 h
	100,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

c) Atencións e servizos complementarios ao nivel básico do servizo de axuda no fogar, para o caso de que a entidade local asuma tamén a prestación,:

Capacidade económica (referencia da AoIPREM) Ata	Grado I			Grado II			Grado III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización de hábitos saudables	Servizos de préstamo ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización de hábitos saudables	Servizos de préstamo ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización de hábitos saudables	Servizos de préstamo ou axudas técnicas
<=15									
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %





**ARTIGO 6.- Nacemento da obriga de pagamento e período impositivo.**

*O importe que deberá aboar mensualmente cada beneficiario será o resultante de aplicar as porcentaxes que figuran nas tarifas sobre o produto da multiplicación do prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais efectivamente prestadas.*

*O prezo hora virá determinado en cada momento, polo custo que para o Concello resulte de aplicación da licitación do contrato da prestación do servizo de axuda no fogar.*

*A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de axuda no fogar.*

*A primeira liquidación, ou posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, será notificada ao interesado para o seu ingreso nas arcas municipais.*

*Nas sucesivas liquidacións, o pago da taxa realizarase polos obrigados ó mesmo mediante domiciliación bancaria, na conta sinalada ao efecto polo usuario.*

*No caso de servizos prestados por tempo inferior a un mes completo prorratearase na parte proporcional ó tempo de atención recibido.*

*O importe mensual aplicado a cada usuario será revisado anualmente, a fin de acreditar as posibles variacións habidas nas condicións que determinan o mesmo. O beneficiario aportará a documentación que lle sexa requirida a este efecto.*

*No caso das persoas que reciban o servizo a través da modalidade de dependencia estarase ao disposto no artigo 18 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro.*

*As débedas da taxa derivada desta ordenanza esixiranse polo procedemento administrativo de prema.*

**Segundo.-** *Aprobar o texto refundido da ordenanza modificada, a fin de que éste poda ser publicado de xeito íntegro no Boletín Oficial da Provincia, previa exposición pública, por prazo de 30 días, de acordó co previsto no art. 17.1 do TRLRHL, segundo o detalle que se reproduce a continuación:*







CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PUBLICOS.	
B.	Ordenanzas reguladoras de taxas.
B.1.	Ordenanzas reguladoras de taxas pola prestación de servizos públicos.
B.1.16	ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

**ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 27 e 57 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

**ARTIGO 2.- Feito imponible.**

É obxecto desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar ordinario e do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia reconecida pola Xunta de Galicia e que no Programa individualizado de atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado, ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

Para ser beneficiario do mesmo estarase ó disposto na Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

**ARTIGO 3.- Suxeito Pasivo.**

Serán suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza os seguintes:

a) As persoas reconecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle reconeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

b) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrencia e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

**ARTIGO 4.- Cota tributaria.**

Acta Pleno Ordinario 26 de xullo de 2021

Página 9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B066F00A3E2R6B1J8O5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/07/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 27/07/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2021 12:43:56

DOCUMENTO: 20210722543

Fecha: 27/07/2021  
Hora: 12:43

CSV: 07E5000B066F00A3E2R6B1J8O5





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O importe da taxa regulada na presente Ordenanza determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas en relación ao IPREM que se publique na Lei de Orzamentos para o Estado para o ano en curso.

Para a determinación da capacidade económica das persoas que accedan ao servizo a través do sistema de dependencia, estarase ao disposto no decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención das persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custe.

Estas porcentaxes adecuaranse ós termos indicados nos decretos e ordes que desenrolen a devandita Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

No caso de que a persoa usuaria acceda ao servizo de forma ordinaria, a capacidade económica se calculará de conformidade co establecido no artigo 60 Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante de aplicar en función da capacidade económica dos usuarios:

a) Para o caso da prestación do servizo ordinario:

Capacidade económica	Copagamento
Menor ou igual do 0,80% do IPREM	0
Maior do 80% do IPREM e menor ou igual a 125% do IPREM	15%
Maior de 125% IPREM e menor ou igual a 150% do IPREM	20%
Maior de 150% e menor ou igual a 175% do IPREM	40%
Maior de 175% e menor do a 200% do IPREM	50%
Maior de 200% e menor do 225% do IPREM	65%
Maior do 225% e menor ou igual do 250% do IPREM	70%
Maior de 250% do IPREM	90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social<sup>2</sup>.

b) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia:



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*A cota tributaria será a resultante de aplicar á capacidade económica do usuario a porcentaxe establecida para cada grao de dependencia, de acordo a seguinte taboa:*

% IPREM <b>Ata</b>	<b>Grao I</b>	<b>Grao II</b>	<b>Grao III</b>
	<b>&lt;=20 h</b>	<b>&lt;=45 h</b>	<b>&lt;=70 h</b>
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

*En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.*

- c) *Atencións e servizos complementarios ao nivel básico do servizo de axuda no fogar, para o caso de que a entidade local asuma tamén a prestación,:*

**Grado I**

**Grado II**

**Grado III**



**FIRMANTE - FECHA**





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Capacidade económica (referencia)	Adaptacións funcionais			Adaptacións funcionais			Adaptacións funcionais		
Hasta	do hogar,	acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de prestación de axudas técnicas e ocupacionais	do fogar,	acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de prestación de axudas técnicas e ocupacionais	do fogar,	acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de prestación de axudas técnicas e ocupacionais
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

**ARTIGO 5.- Exencións e bonificacións.**

Non poderán recoñecerse respecto a esta taxa outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de tratados internacionais, nos termos establecidos no art. 9 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

**ARTIGO 6.- Nacemento da obriga de pagamento e período impositivo.**

O importe que deberá aboar mensualmente cada beneficiario será o resultante de aplicar as porcentaxes que figuran nas tarifas sobre o produto da multiplicación do prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais efectivamente prestadas.

O prezo hora virá determinado en cada momento, polo custo que para o Concello resulte de aplicación da licitación do contrato da prestación do servizo de axuda no fogar.

A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de axuda no fogar.

A primeira liquidación, ou posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, será notificada ao interesado para o seu ingreso nas arcas municipais.

Nas sucesivas liquidacións, o pago da taxa realizarase polos obrigados ó mesmo mediante domiciliación bancaria, na conta sinalada ao efecto polo usuario.

No caso de servizos prestados por tempo inferior a un mes completo prorratearase na parte proporcional ó tempo de atención recibido.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*O importe mensual aplicado a cada usuario será revisado anualmente, a fin de acreditar as posibles variacións habidas nas condicións que determinan o mesmo. O beneficiario aportará a documentación que lle sexa requirida a este efecto.*

*No caso das persoas que reciban o servizo a través da modalidade de dependencia estarase ao disposto no artigo 18 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro.*

*As débedas da taxa derivada desta ordenanza esixiranse polo procedemento administrativo de prema.*

**ARTIGO 7.- Normas de xestión.**

*Unha vez aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres non varíen as circunstancias que motivaron a prestación do servizo. Para ditas variacións, no seu caso, estarase ao previsto no Regulamento de funcionamento do servizo.*

*Anualmente, ou antes, no caso de producirse cambios na situación das persoas usuarias, se lles requirirá, por parte do Departamento de Servizos Sociais do Concello, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa capacidade económica e, no seu caso, a taxa a abonar, tal e como se recolle no Regulamento do servizo de axuda no fogar.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

- No non previsto na presente Ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e restante lexislación tributaria aplicable.*

**DISPOSICIÓN FINAL.**

*Esta Ordenanza aprobada polo Pleno en sesión de data xxxxxx, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir dese mesmo día. Estará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA





**-VOTOS A FAVOR: 19** (9PP, 7 PBBI, 2Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 2 BNG**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 sobre **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACION ORDENANZA FISCAL B.1.16 TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

**3.-PETICIÓN DA ASOCIACIÓN AMBAR DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS NOS TRIBUTOS QUE SEXAN DE APLICACIÓN Á OBRA DE COMPARTIMENTO INTERIOR QUE VAI REALIZAR NO SEU CENTRO DE RECURSOS. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 do seguinte tenor literal:

**“VISTA** a solicitude formulada **ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, con C.I.F. G15052434** no senso de obter bonificación do 95% do ICIO en relación coas obras de compartimento interior que pretenden acometer no seu Centro de recursos.

**ACREDITADO** que a entidade **ÁMBAR** é unha entidade sen fin de lucro inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións., inscrita baixo o número 190.

**ACREDITADA** a solicitude xustificada de concesión da bonificación (registro de entrada nº 8776 de 31 de maio de 2021), así como o compromiso de ingreso da bonificación en caso de perda da mesma polas circunstancias previstas na Ordenanza fiscal do ICIO ( registro de entrada nº 10621 de 17 de xuño de 2021).

**VISTOS** os informes que obran no expediente, nomeamento do Servizos Sociais (22 de xuño de 2021), Intervención e Tesourería (23 de xuño de 2021) e Secretaría Xeral da Corporación (24 de xuño de 2021).

**CONSIDERANDO** a regulación prevista nos artigos 102 e 103 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como no **artigo 7.1 , da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO do Concello de Ribeira**

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

**Primeiro:-** Recoñecer a especial interese ou utilidade municipal das obras de compartimento interior que vai acometer a entidade **ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL** no seu centro de recursos.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**Segundo:**-En consecuencia, conceder a bonificación do 95% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, a favor da entidade **ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL** e co relación ás obras a que se refire o apartado anterior.

**Terceiro:**-Notificalo presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Cuarto:**-Comunicalo presente acordo ós Departamento Municipais de Intervención, Tesourería e Servizos Sociais para a súa constancia.

**Quinto:**-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9PP, 7 PBBI, 2Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 sobre **PETICIÓN DA ASOCIACIÓN AMBAR DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS NOS TRIBUTOS QUE SEXAN DE APLICACIÓN Á OBRA DE COMPARTIMENTO INTERIOR QUE VAI REALIZAR NO SEU CENTRO DE RECURSOS**,e en consecuencia aproba:

**Primeiro:**- Recoñecer a especial interese ou utilidade municipal das obras de compartimento interior que vai acometer a entidade **ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL** no seu centro de recursos.

**Segundo:**-En consecuencia, conceder a bonificación do 95% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, a favor da entidade **ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL** e co relación ás obras a que se refire o apartado anterior.

**Terceiro:**-Notificalo presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Cuarto:**-Comunicalo presente acordo ós Departamento Municipais de Intervención, Tesourería e Servizos Sociais para a súa constancia.

**Quinto:**-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo”.







**4.- APROBACION DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE RIBEIRA.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 do seguinte tenor literal

*“O Pleno do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 22/06/2020, acordou adxudicar o contrato para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA” á empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425).*

*O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 23/07/2020 para unha duración de un (1) ano contado a partir da data de inicio da prestación do servizo 01/08/2020.*

*Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 23/08/2019.*

*Mediante decreto da alcaldía de data 15/10/2019 resolveuse admitir a trámite o escrito de alegacións presentado na data 14/10/2019 (rex. de entrada nº 14442) por José María Hernández de Andrés, en nome e representación da entidade Asociación Estatal de Entidades de Servizos de Atención a Domicilio, en relación coa aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación.*

*A alcaldía por decreto número 201911/038 de data 06/11/2019 resolveu proceder a realizar unha nova publicación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación pública para a contratación do “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ribeira”, una vez incorporadas ós mesmos as alegacións e suxerencias referidas no sentido de delimitar e acoutar o número de melloras a ofertarse (límite) nos termos que se indican no citado decreto.*

*De acordo coa cláusula B.b) do contrato, en relación coa cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares, “O contrato terá unha duración de 1 ano prorrogable por sucesivos períodos iguais ata un máximo de 5. A prórroga será acordada expresamente polo órgano de contratación e será obrigatoria para a entidade adxudicataria, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración del contrato”.*

*Con data 29/06/2021 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 11.360, un escrito asinado dixitalmente por Ventura Bretal Bazarra, en representación da empresa “Son a Túa Axuda, S.L.” solicitando a prórroga do contrato.*

*Con data 09/07/2021 emitiuse informe asinado por María Francisca Vidal Regueira (xeifa de servizo do departamento de Servizos Sociais), no que se informa favorablemente á prórroga do contrato solicitada pola empresa “Son a Túa Axuda, S.L.”*

*Con data 12/07/2021, o secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle emite informe favorable a aprobación da 1ª prórroga do contrato.*

*Con data 12/07/2021, o interventor municipal Pablo Bao Castro emite informe favorable de fiscalización previa e limitada.*

Vistos os antecedentes citados,





**PROPOÑO á COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, PROMOCIÓN SOCIAL, SANIDADE E CONSUMO, que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:**

**Conceder unha prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.**

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 16** (9PP, 7 PBBI)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 5** (2Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de xullo de 2021 sobre **APROBACION DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE RIBEIRA**, e en consecuencia aproba:

*“Conceder unha prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.*

**5.- PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR Dña. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ A PROL DOS SERVIZOS BANCARIOS NAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM PP** segundo o escrito da concelleira **Dña. María José Sampedro Fernández** de data 19 de maio de 2021 (rex entr. 19-05-2021, nº 7.958) do seguinte tenor literal

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Os procesos de reestruturación en que están inmersas moitas entidades financeiras están a provocar o peche ou a redución de servizos en numerosas oficinas bancarias en toda a xeografía*





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

estatal, malia as eivas e molestias que este tipo de decisións lles provoca aos veciños das localidades afectadas.

Neste senso, o pleno da Corporación de Ribeira vén de aprobar por unanimidade o pasado 18 de maio unha declaración institucional expresando a súa disconformidade co peche da sucursal de Abanca en Palmeira.

Nós, como Grupo Popular da Corporación Municipal de Ribeira, consideramos conveniente ir máis aló e que este Concello teña a ben adoptar cantas medidas sexan oportunas para garantir, tanto en Palmeira como no resto de parroquias do concello, que a nosa veciñanza poida disfrutar da prestación duns servizos bancarios adecuados vivan onde vivan.

Pensamos idóneo ademais promover plans formativos en banca electrónica pensando en aqueles veciños e veciñas que teñan dificultades á hora de manexarse con este tipo de prestacións por Internet, contribuíndo así a reducir a fenda dixital.

En base ao exposto, o Grupo Popular do Concello de Ribeira propón:

1º- Solicitar de todas as entidade bancarias que operan no municipio o mantemento de todos os servizos que veñen prestando.

2º- A tales efectos o Concello deberá exercer labores de negociación, mediación e presión se fose necesaria.

3º- Demandar do Goberno de España a posta en marcha dun plan contra a exclusión financeira no ámbito rural, así como o cumprimento das medidas recollidas no acordo plenario de data 9/09/2020 no Senado. En particular, proveranse as medidas necesarias para recuperar, garantir e incrementar a prestación de servizos bancarios con atención presencial os clientes e de xeito especial as persoas maiores e colectivos con especial problemas de accesibilidade. Así mesmo, facilitar e promover a prestación de servizos bancarios en itinerancia, ben mediante oficinas móbiles ou ben en dependencias cedidas polas Entidades Locais, priorizando en todo caso a atención presencial ao clientes, promovendo convenios coas entidades bancarias ou coas empresas que puideran ofertar estes servizos en réxime de multimarca.

4º- Que a Xunta, dentro das súas competencias en materia de consumo, continúe cos seus programas de campañas informativas, así como de información e asesoramento en materia de servizos financeiros aos consumidores galegos, así como notificar o goberno de España das problemáticas que se detecten para que poidan adoptar as medidas necesarias para a súa resolución.

5º- Seguir o camiño do convenio firmado pola Fegamp e a Xunta para universalizar o acceso aos servizos bancarios e financeiros e manifestar dende o Concello de Ribeira o seu compromiso de impartir formación dixital que permita a utilización de servizos bancarios a distancia, especialmente naquelas parroquias que carezan de caixeiros automáticos. Así mesmo, facilitar a través do oportuno concurso público a prestación do servizo de asistencia financeira que permita proporcionar aos habitantes do concello un nivel de servizo equivalente ao dunha oficina bancaria convencional.

6º- Co obxecto de garantir o nivel de servizos da parroquia de Palmeira, acelerar os trámites da reforma integral da AC-305 e do Porto e iniciar os necesarios para dotar a esta localidade dun Centro Social, e realizar unha oferta oficial a Sociedade Hijos de Palmeira para o aluguer ou cesión do antigo campo de fútbol por 50 anos para dotalo dunha área que permita tanto a dotación de prazas de aparcamentos como actividades deportivas e de lecer.

7º- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, a Xunta e o Fegamp en aquilo que lles incumbe.”



FIRMANTE - FECHA





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 9 (PP)**

**-VOTOS EN CONTRA: 12 (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 SR)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maoría absoluta** dos seus membros **NON aproba** proposición do **GM PP A PROL DOS SERVIZOS BANCARIOS NAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021.

**6.- PROPOSICIÓN GM DO BNG PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS SOBRE A NECESIDADE DE REALIZAR DIVERSAS MELLORAS NA RÚA INSUELA DE PALMEIRA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de xuño de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Xosé Antonio Vázquez Cobas** de data 9 de xuño de 2021 (rex entr. 09-06-2021, nº 9.558) do seguinte tenor literal

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*A Rúa Insuela da parroquia de Palmeira é moi empregada pola veciñanza e por turistas no tempo de verán, pois, é lugar de paso cara a praia de Río Azor e núcleos lindeiros. Sendo unha rúa residencial carece dos elementos básicos propios destas rúas: recollida de augas pluviais e beirarrúas. O asfaltado, moi usado polos residentes da zona, ten importantes deficiencias con fochancas, disgregacións e a pegada de pasadas reparacións feitas con diferentes criterios que crean desniveis. Mención especial merece a reixa de sumidoiro que, nun tramo atravesa a estrada de lado a lado e, ao estar solta, é a orixe de continuo ruído que molesta de día e de noite á veciñanza. É preciso tamén dotar á rúa de sinalización vertical e horizontal con límite de velocidade, pois, sen beirarrúas, sen pluviais e co pavimento en malas condicións a seguridade da veciñanza vese seriamente comprometida.*

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita a adopción dos seguinte

**ACORDO**





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Que se inclúa esta rúa no próximo plan de obras para dotala de recollida de augas pluviais, nova pavimentación e beirarrúas.*



**FIRMANTE - FECHA**





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego



Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*Emenda de substitución:*

*ÚNICO.- Que entre as prioridades establecidas para os próximos POS e Plan de Infraestruturas Municipais e tendo en conta que poden existir na mesma parroquia outras obras coas mesmas ou maiores necesidades, se estude a posible inclusión do proxecto de dotación de recollida de augas pluviais, nova pavimentación e beirarrúas na rúa Insuela.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM BNG**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**; rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do PP** según o disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba emenda de substitución do GM do PP** sobre proposición do **GM BNG** sobre **NECESIDADE DE REALIZAR DIVERSAS MELLORAS NA RÚA INSUELA DE PALMEIRA**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, e en consecuencia aproba:

**ÚNICO.-** Que entre as prioridades establecidas para os próximos POS e Plan de Infraestruturas Municipais e tendo en conta que poden existir na mesma parroquia outras obras coas mesmas ou maiores necesidades, se estude a posible inclusión do proxecto de dotación de recollida de augas pluviais, nova pavimentación e beirarrúas na rúa Insuela.

**7.- PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE CREACIÓN DA “FUNDACIÓN MANUEL AYASO”.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 22 de xuño de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM PS DE G-PSOE** segundo o escrito do concelleiro **D. José Manuel Vilas Álvarez** de data 9 de xuño de 2021 (rex entr. 09-06-2021, nº 9.617) do seguinte tenor literal:

O Concello de Ribeira ten como obxectivo primordial, xa comentado en varios actos institucionais, o crear a “Fundación Manuel Ayaso”, pintor de renombre internacional, nativo da parroquia de Aguiño, e actualmente empadronado na nosa cidade de Ribeira. A fundación “Manuel Ayaso” será unha organización sen ánimo de lucro orientada ao interés xeral, que beneficie a diferentes colectivos, e co ámbito de actuación no desenrrolo de programas culturais.

Pasos a dar para montar dita fundación “Manuel Ayaso”:

1.-En primeiro lugar, temos que **crear os estatutos** donde se reflexe a vontade do fundador, é dicir o obxeto social da fundación. A Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacions establece uns contidos mínimos, para simplificar a redacción e deixar patente a relación concello-fundación.

**2.-Solicitar a certificación negativa de denominación “Fundación Manuel Ayaso”, no Rexistro de Fundacions** que corresponda, ben sexa no estatal ou na nosa comunidade autónoma.

Con esto xa teremos a base, agora hai que dotala de contido.

3.-O Terceiro paso será ir a entidade bancaria para completar o **ingreso da dotación inicial a nome da fundación** (30.000 euros). Seguidamente hai que **eleva a escritura pública os estatutos, ea escritura de constitución**. É un trámite que se fai ante **notario**, e debemos incluír os datos do fundador, a vontade de crear a fundación, os estatutos, identificar aos patronos e cargos, a súa aceptación, eo certificado bancario; ou si non hai dotación económica inicial, o informe dun **experto en asesoría xurídica e legalidade** independente, que valore os bens afectos da entidade (cadros, grabados, esculturas,...).

4.-O noso seguinte paso será acudir a Delegación de Facenda correspondente, donde teremos

**Acta Pleno Ord**

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B066F00A3E2R6B1J8O5 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/07/2021  
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 27/07/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2021 12:43:56

DOCUMENTO: 20210722543  
Fecha: 27/07/2021  
Hora: 12:43

CSV: 07E5000B066F00A3E2R6B1J8O5





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

que **solicitar o NIF provisional**. Despois corresponde **liquidar o Imposto sobre Transmisiones Patrimoniais e de Actos Xurídicos Documentados** (T.P. e A.X.D.), modelo 600.

5.-Por último, temos que solicitar a inscrición no **Rexistro de Fundacions**, para o que **necesitamos a escritura pública de constitución, os estatutos, o NIF provisional, e os impostos liquidados**.

Trala **formalización da inscrición no Rexistro de Fundacions**, a nosa fundación "Manuel Ayaso", obterá a personalidade xurídica necesaria para botar a andar

En base a todo o anteriormente exposto, e conscientes de que temos que actuar no presente para garantir o futuro das obras do noso prestixioso artista, dende o Grupo Municipal Socialista propoñémoslle a este Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Que se den os pasos legais para a creación da "Fundación Manuel Ayaso", dentro do marco legal propio das fundacións, que deben axustarse a unha serie de parámetros inherentes a creación, expostas anteriormente, e tamén ao día a día.

2.- Necesaria reunión con Manuel Ayaso Dios, para coñecer as disposicións da familia e do artista, e saber o que agardan que se faga coa súa obra. Definir qué clase de dotación terá a posible Fundación, refíro-me económica e/ou patrimonial. Fecer un Catálogo da onra doada e de algún outro patrimonio. En todo caso é necesario reseñar que a Fundación vai ser pública, aberta ó mecenazgo.

3.-Localización céntrica: Consideramos que o domicilio social da "Fundación Manuel Ayaso", ten que ser un inmovible situado no corazón de Ribeira, polo que solicitamos unha búsqueda/relación inventario dun local axeitado nesta citada parroquia".

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

Emenda de substitución aos puntos 1, 2 e 3:

ÚNICO.- Explorar o interese de Manuel Ayaso sobre a creación da Fundación Manuel Ayaso así como o establecemento mediante acordo ou convenio das condicións polas que se rexiría esta entidade.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM PS DE G-PSOE**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 22 de xuño de 2021, **previa retirada da emenda de substitución do GM do PP**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 14 (2 Ps de G-Psoe, 9PP, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**







**-ABSTENCIÓNS: 7 PBTI**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM PS DE G-PSOE** sobre **CREACIÓN DA "FUNDACIÓN MANUEL AYASO"**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 22 de xuño de 2021, e en consecuencia aproba

1.- *Que se den os pasos legais para a creación da "Fundación Manuel Ayaso", dentro do marco legal propio das fundacións, que deben axustarse a unha serie de parámetros inherentes a creación, expostas anteriormente, e tamén ao día a día.*

2.- *Necesaria reunión con Manuel Ayaso Dios, para coñecer as disposicións da familia e do artista, e saber o que agardan que se faga coa súa obra. Definir qué clase de dotación terá a posible Fundación, refíro-me económica e/ou patrimonial. Fecer un Catálogo da onra doada e de algún outro patrimonio. En todo caso é necesario reseñar que a Fundación vai ser pública, aberta ó mecenazgo.*

3.- *Localización céntrica: Consideramos que o domicilio social da "Fundación Manuel Ayaso", ten que ser un inmovible situado no corazón de Ribeira, polo que solicitamos unha búsqueda/relación inventario dun local axeitado nesta citada parroquia".*

**(nestes intre, sendo as 22.00 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.30 h)**

**8.- PROPOSICIÓN GM MIXTO SUMA-RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA PROPOSTA DE REGULAMENTO DE PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 22 de xuño de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** segundo o escrito do concelleiro **D. Xurxo Ferrón Vidán** de data 10 de xuño de 2021 (rex entr. 10-06-2021, nº 9.705) do seguinte tenor literal

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*No programa electoral de SumaRibeira, como no de outras organizacións políticas, figuraba un tema que consideramos de importancia real e simbólica: a **elaboración de presupostos participativos**.*

*Chegados ao ecuador do mandato desta corporación municipal cremos conveniente retomalo, pois entendemos que, entre outros motivos, poden contribuír a unha maior implicación das veciñas e veciños na política municipal. Tamén pensamos que axudarían a que, en acepción xenuína do termo, esta política municipal sexa máis democrática.*





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

*Foi en Porto Alegre (Brasil) onde no 1988 se implantaron os primeiros Presupostos Participativos. Experiencia que foi evolucionando e difundíndose posteriormente, con especial repercusión no sur de América, Europa e norte de América.*

*Posiblemente ao falar de Presupostos Participativos Municipais haberá distintos matices e interpretacións, tanto nos grupos políticos que conformamos este pleno como entre as nosas veciñas e veciños. En SumaRibeira propoñemos encamiñarnos cara o modelo de participación directa (Porto Alegre), desenvolvido fundamentalmente en Portugal, España e Italia. Porén opinamos que, sexa a que sexa a proposta que saia deste pleno, a introdución na práctica da participación cidadá nunha parte dos nosos presupostos sempre terá resultados positivos.*

*De acordo co exposto apostamos por introducir este tema na orde do día co ánimo de dinamizar a implantación desta praxe política o antes posible. Cremos que en todo caso deberíamos autoimpoñernos nesta corporación a necesidade de que se instaurasen dentro deste mandato.*

**É polo exposto que sometemos a consideración a adopción dos seguintes ACORDOS:**

- 1.- Creación dunha comisión para a elaboración dunha proposta de regulamento de Presupostos Participativos.
- 2.- Establecer un período de alegacións aberto ás veciñas.
- 3.- Aprobación polo pleno dun Regulamento de Presupostos Participativos coa antelación suficiente para que se fagan realidade no 2022”.

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*Emenda de substitución aos puntos 1, 2 e 3:*

*ÚNICO.- Que o Concello de Ribeira aproveite a experiencia doutros concellos para o desenvolvemento dun regulamento piloto de orzamento participativo e se destinen 100.000 euros á súa aplicación, co obxectivo de poder contar cun regulamento definitivo antes de que conclúa o mandato actual.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do PP** según o disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA





**-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 10 (1 Mixto-Suma Ribeira, 7 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproballa emenda de substitución do PP** sobre proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** sobre **CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA PROPOSTA DE REGULAMENTO DE PRESUPUESTOS PARTICIPATIVOS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021, e en consecuencia aproba:

**ÚNICO.-** Que o Concello de Ribeira aproveite a experiencia doutros concellos para o desenvolvemento dun regulamento piloto de orzamento participativo e se destinen 100.000 euros á súa aplicación, co obxectivo de poder contar cun regulamento definitivo antes de que conclúa o mandato actual.

**9.- PROPOSICIÓN GM DO BNG PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS SOBRE O ESTADO DE ABANDONO DO FARO DE CORRUBEDO.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de xuño de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM BNG** segundo o escrito do concelleiro **D. Xosé Antonio Vázquez Cobas** de data 16 de xuño de 2021 (rex entr. 16-06-2021, nº 10.379) do seguinte tenor literal

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O faro de Corrubedo construíuse no 1853 e é un dos máis espectaculares da Península Ibérica, único por situación, entorno e historia. Mais non vou falar da súa beleza xa que é recoñecida en todo o país. A situación do faro e entorno é desastrosa, como pode verse nas fotografías, cercado polos enreixados en mal estado, algunha porta aberta, camiños cortados... Un recurso importantísimo a potenciar, unha das xoias do Concello de Ribeira, atopámolo deste xeito, nun estado lamentábel, para ser visitado no verán.*

*Como saben, o faro de Corrubedo, ten sido un habitual deste pleno no que temos falado moitas veces da súa recuperación e posta en valor como un elemento patrimonial moi importante, de grande valor paisaxística e cun grande atractivo para un turismo sustentábel e de calidade. No ano 2018 converteuse no cuarto faro, por autorización do Consello de Ministros, no que se poden desenvolver actividades de Hotel-Restaurante enmarcado no proxecto Faros de España. Está adscrito á Autoridade Portuaria de Vilagarcía que o sacou a licitación, obtendo a concesión, Rianxo Xestión de Empresas S.L. A superficie da concesión (por un período de 25 anos, prorrogábeis outros 5) é de 866,87 m2. Pois ben, en abril do 2018, informase que a empresa Construcións Método comeza as obras coa previsión de telas rematadas, segundo informa a concesionaria, ao final do primeiro trimestre do 2019 e poder abrir na Semana Santa. A día de hoxe, nada se fixo e van alá tres anos o que mostra como se está incumprindo o prego de condicións.*

*Cremos esta situación de abandono non contribúe a enxalzar a imaxe do Concello de Ribeira como debería, pois esta paraxe é moi visitada por miles de turistas ao longo do ano para poder contemplar un faro de singular beleza e un punto do litoral de Galiza desde onde se pode observar perfectamente as luces doutros faros como o de Fisterra e o das illas Cies.*





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira solicita a adopción dos seguintes **ACORDO**:

1º O Concello de Ribeira, esixirá á Autoridade Portuaria de Vilagarcía que utilice a potestade inspectora que lle dá o prego para solucionar, de vez, os problemas coa empresa concesionaria.

2º Facer as actuacións necesarias para que, de xeito provisional, se realicen as melloras precisas para devolver ao faro e o seu entorno, de gran valor paisaxístico, o estado de visitábel con seguridade para a veciñanza e visitantes.

Anexo fotográfico:



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Asemade dase conta dunha **emenda de adición** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

*Emenda de adición:*

3.- *Que no momento en que se extinga a concesión actual, o Concello de Ribeira solicite dentro das modalidades que a lei contempla a xestión das instalacións vinculadas co faro de Corrubedo que non teñan uso para a seguridade marítima.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM BNG** así como da **emenda de adición do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de xuño de 2021, **previa aceptación da emenda de adición do GM do PP**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aproba** proposición do **GM BNG** sobre **ESTADO DE ABANDONO DO FARO DE CORRUBEDO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, **una vez incorporada a emenda de adición do GM do PP**, e en consecuencia aproba:

**Primeiro**:- O Concello de Ribeira, esixirá á Autoridade Portuaria de Vilagarcía que utilice a potestade inspectora que lle dá o prego para solucionar, de vez, os problemas coa empresa concesionaria.

**Segundo**:- Facer as actuacións necesarias para que, de xeito provisional, se realicen as melloras precisas para devolver ao faro e o seu entorno, de gran valor paisaxístico, o estado de visitábel con seguridade para a veciñanza e visitantes.

**Terceiro**:-Que no momento en que se extinga a concesión actual, o Concello de Ribeira solicite dentro das modalidades que a lei contempla a xestión das instalacións vinculadas co faro de Corrubedo que non teñan uso para a seguridade marítima.





**10.- PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL SUÁREZ-PUERTA SIRGADO SOBRE INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS.**

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 22 de xuño de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM PS DE G-PSOE** segundo o escrito do concelleiro **D. José Manuel Suárez Puerta-Sirgado** de de data 16 de xuño de 2021 (rex entr. 15-06-2021, n° 10414) do seguinte tenor literal:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Las matriculaciones de vehículos electrificados, híbridos y de gas (turismos, cuadriciclos, vehículos comerciales e industriales y autobuses) subieron el territorio nacional en el año 2020 en un 146,5% con respecto al año anterior, según datos proporcionados por ANFAC.*

*Destaca el crecimiento para los híbridos enchufables, con 23.360 unidades, triplicando las ventas de 2019, mientras que los vehículos eléctricos crecen un aumento del 64% y 20.156 unidades vendidas y los híbridos no enchufables aumentaron sus ventas un 28,3% hasta las 140.869 unidades*

*Sin embargo, el despliegue de puntos de recarga para coches eléctricos creció solamente un 58 % en ese mismo periodo de tiempo.*

*El número total supera ya los más de 203.000 cargadores en toda Europa, pero podrían no ser suficientes para dar abasto a un parque enchufable que crece a un ritmo mucho mayor.*

*Según el director general de ACEA, Eric-Mark Huitema, esto es «potencialmente muy peligroso, ya que pronto podríamos llegar a un punto en el que el crecimiento en la acogida de vehículos eléctricos se estanque si los consumidores concluyen que no hay suficientes puntos de carga a los que puedan acudir, o que tienen que hacer cola demasiado tiempo para un cargador rápido».*

*Se prevé que el nuevo Plan de Incentivos que llegará enmarcado en el contexto de los fondos europeos para la recuperación de la crisis del coronavirus, dotará a Transición Ecológica de al menos 2.000 millones de euros para invertir en movilidad eléctrica en los próximos tres años*

*La carencia de suficientes cargadores para vehículos eléctricos es un hecho particularmente visible en España en general y en Galicia en particular, siendo el caso de Ribeira aún más evidente.*

*Ribeira es en la actualidad y pretende serlo mas en un futuro inmediato, un destino turístico que se basa, entre otros, en sus innegables atractivos naturales*

*Las características únicas de poseer una isla incluida en el Parque Nacional de las Islas Atlánticas y al mismo tiempo tener el Parque Natural de Corrubedo, convierte a Ribeira en objetivo de un turismo de calidad y comprometido con la naturaleza y su conservación*

*Este tipo de turismo encaja perfectamente con los propietarios y usuarios de automóviles eléctricos e híbridos recargables, que se encuentran, sin embargo, con la limitación de la autonomía de estos vehículos, al no estar Ribeira dotada de ningún punto público en el que poder realizar las operaciones de recarga*

*Por todo ello, el Grupo Municipal Socialista formula, para su debate y aprobación si procede por parte del Pleno, la siguiente*

**PROPOSICION**



**FIRMANTE - FECHA**





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1.- Que el Concello de Ribeira proceda a la instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos, de potencia suficiente para la realización de una carga rápida en los lugares de mayor afluencia de visitantes, para que en estos puedan recargar los vehículos y aumentar en consecuencia su autonomía.

2.- Que los posibles puntos para la instalación de estos cargadores consideramos que pueden ser, sin ser únicos ni determinantes y solamente como sugerencia:

a.- Praia da Coma

b.- Porto de Palmeira

c.- Aparcadero junto al Campig de Ceroso

d.- Aparcadero junto al Polideportivo de Ceroso

e.- Paseo das Carolinas

f.- Avda. do Malecón

g.- Praia de Castiñeiras

h.- Porto de Aguiño

i.- Porto de Corrubedo, limitando el acceso rodado en temporada estival a los vehículos dotados de la pegatina que certifica su Eficacia Energética y necesidad de acceso a los puntos de recarga

O en cualquier otra localización en el que la demanda de vecinos y visitantes así lo hagan oportuno.

Que el suministro e instalación de estos puntos de recarga se realice por Concurso Público, siendo estos de titularidad municipal, tanto en su gestión como en su mantenimiento, dando así oportunidad a las empresas locales a concursar en libre competencia para el suministro e instalación y creando al mismo tiempo, para su gestión y mantenimiento, puestos de trabajo estables a los que acceder por medio de Oferta Pública de Empleo”

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

**PUNTO ÚNICO.** Que se realice un estudo de todo municipio coa finalidade de ubicar as posición máis idóneas para a colocación dos posibles puntos de recarga, así como a delimitación do espazo do chan público municipal para sacar a concesión a instalación, posta en marcha, xestión e mantemento dos puntos carga ao tratarse dunha competencia impropia.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM PS DE G-PSOE**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 22 de xuño de 2021, **previo consenso** do seguinte texto

**PUNTO ÚNICO.** Que se realice un estudo de todo municipio coa finalidade de ubicar as posición máis idóneas para a colocación dos posibles puntos de recarga, así como a delimitación do espazo do chan público municipal coa fin de determinar o modo de explotación máis eficiente para o





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Concello, *analizando os custos e ubicación reais, posta en marcha, xestión e mantemento dos puntos de carga ao tratarse dunha competencia impropia.*

O resultado da votación é o seguinte:

**-VOTOS A FAVOR: 21** (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros dos seus membros **aproba** a proposición do **GM PS DE G-PSOE** sobre **INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 22 de xuño de 2021, e según texto previamente consensuado, e en consecuencia aproba:

**PUNTO ÚNICO.** *Que se realice un estudo de todo municipio coa finalidade de ubicar as posicións máis idóneas para a colocación dos posibles puntos de recarga, así como a delimitación do espazo do chan público municipal coa fin de determinar o modo de explotación máis eficiente para o Concello, analizando os custos e ubicación reais, posta en marcha, xestión e mantemento dos puntos de carga ao tratarse dunha competencia impropia.*

**Chegado este punto, e ante o inminente remate do día, previo acordo entre os grupos, dase conta dos seguintes asuntos:**

(.....)

## PARTE II.-CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

### 20.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no **artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira**, o Sr. **alcalde-presidente da conta** dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O pleno da Corporación queda enterado.

### 21.-DAR CONTA DECRETO APROBACIÓN LIQUIDACIÓN 2020 E INFORME CUMPRIMENTO PRINCIPIO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dase conta do seguinte Decreto de Alcaldía

**CONSIDERANDO** *que se teñen rematado as operacións de peche e liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2020, tanto do Estado de Gastos como do Estado de Ingresos, e que na súa realización se tiveron en conta as prescricións legais contidas nos artigos 191 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*







CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**CONSIDERANDO** que do peche e liquidación do Orzamento do Concello do exercicio de 2020 se desprenden os seguintes resumos e magnitudes principais:

**LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

CONCELLO	
Créditos orzamentarios iniciais	24.361.172,51
Modificacións orzamentarias	17.258.221,36
Créditos orzamentarios definitivos	41.619.393,87
Obrigas recoñecidas netas (netas)	22.855.424,42
Obrigas ptes a 31-12	1.411.714,86

**LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

CONCELLO	
Previsións iniciais	24.361.172,51
Modificacións	17.258.221,36
Previsións definitivas	41.619.393,87
Dereitos recoñecidos netos	23.979.926,24
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	1.773.010,73

**RESULTADO ORZAMENTARIO**

CONCELLO		
1	Dereitos recoñecidos (+)	23.979.926,24
2	Obrigas recoñecidas (-)	22.855.424,42
3	Resultado orzamentario (1-2)	1.124.501,82
4	Desviacións positivas de financiación (-)	2.407.501,99
5	Desviacións negativas de financiación (+)	1.434.402,35
6	Gastos financiados con Remanente líquido de Tesourería	1.732.260,69
7	Resultado de operacións comerciais	-
8	Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6+7)	1.883.662,87

**REMANENTE DE TESOURERÍA**

CONCELLO		
1	Debedores pendentes de cobro (+)	13.378.785,36
2	Acreedores pendentes de pago (-)	4.117.077,27
3	Partidas pendentes de aplicación (-)	-1.493.729,43
4	Fondos líquidos a fin de exercicio (+)	9.479.738,11
5	<b>Remanente de Tesourería (1-2+3)</b>	<b>17.247.716,77</b>
6	Saldo de dudoso cobro	9.809.824,55
7	Exceso de financiación afectada	2.285.035,12
8	Remanente de Tesourería para gastos xerais	5.152.757,10

Esta Presidencia, no uso das atribucións conferidas polo artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 90 do Real Decreto 500/1900, de 20 de abril, e visto o preceptivo informe emitido pola Intervención Municipal,

**RESOLVE:**

- **Primeiro.**- Aprobar a **LIQUIDACION DO ORZAMENTO DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.**





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- **Segundo.-** Remitir copia da Liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2020, así como do expediente da súa aprobación, á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia así como ao organismo correspondente do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto no artigo 193.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 91 do RD 500/90, de 20 de abril.

**En Ribeira, á data da sinatura dixital.**

**O ALCALDE**

**Ante min,  
O SECRETARIO**

**Asd.: Manuel Ruíz Rivas.**

**Asd.: Juan Manuel Salguero del Valle**

**INTERVENCIÓN**

**ASUNTO: INFORME SOBRE A ESTABILIDADE, CUMPRIMENTO DA REGLA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA VIVA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local.
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real Decreto 1463/2007, polo que se adapta a Lei de estabilidade orzamentaria ás entidades locais.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Sométese a informe desta Intervención a liquidación do orzamento do Concello de Ribeira de 2020, ao obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Esta comprobación realízase sen prexuízo do feito de que o Congreso de Deputados aprobara o pasado 20 de outubro de 2020 a declaración de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e ao artigo 11.3 da LOEOSF, polo que se suspenden as regras fiscais para os anos 2020 e 2021, tendo os resultados do presente informe unicamente efectos informativos.

**ESTABILIDADE**

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase ao principio de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, de conformidade ao previsto nos artigos 3, 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O principio de estabilidade orzamentaria supón, basicamente, que o orzamento non só debe estar equilibrado no seu conxunto, senón que o equilibrio debe existir tamén se consideramos unicamente os sete primeiros capítulos de gasto e ingreso.



**FIRMANTE - FECHA**





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

En referencia ó endebedamento, isto implica que dentro dun exercicio determinado, non é posible apelar ó crédito nunha contía superior á amortización dese mesmo ano.

Por tanto, hai que comparar en termos agregados a suma das obrigas recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e a suma dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos practicando os axustes a aplicar ao saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros do Orzamento para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiación calculada conforme ao SEC.

<b>Orzamento de Ingresos</b>	<b>EUROS</b>
I.-IMPUESTOS DIRECTOS	6.545.606,75
II.-MPUESTOS INDIRECTOS	344.511,74
III.-TAXAS E OUTROS INGRESOS	5.948.410,47
IV.-TRANSFERENCIAS CORRIENTES	8.415.755,96
V.-INGRESOS PATRIMONIAIS	56.207,52
VI.-ENAXENACION DE INVERSIONS REAIS	0,00
VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	974.602,49
<b>Total</b>	<b>22.285.094,93</b>

<b>Orzamento de Gastos</b>	<b>EUROS</b>
I. GASTOS DE PERSOAL	7.209.922,93
II. GASTOS CORRENTES	10.680.599,03
III. INTERESES	24.930,64
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	678.619,16
VI. INVERSIONS REAIS	3.167.474,48
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	21.248,31
<b>Total</b>	<b>21.782.794,55</b>

<b>SUMA CAPÍTULO 1 A 7 DE INGRESOS</b>	<b>22.285.094,93</b>
<b>SUMA CAPÍTULO 1 a 7 DE GASTOS</b>	<b>21.782.794,55</b>
<b>SUPERAVIT ANTES DE AXUSTES</b>	<b>502.300,38</b>

**AXUSTES SEC.**





- **Axustes en gastos.**

**1. Gastos pendientes de aplicar a orzamento.**

O SEC establece a imputación de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que se decida a súa imputación orzamentaria. O axuste neste caso sería dado pola diferenza entre o saldo inicial e o saldo final da conta 413 "Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento", de tal maneira que se o saldo final é maior, o axuste sería maior gasto, e se o saldo final é menor o axuste sería menor gasto.

Saldo inicial conta 413	193.613,18
Saldo final conta 413	282.165,47
<b>AXUSTE</b>	<b>-88.552,29</b>

- **Axustes en ingresos.**

**1. Axuste de recadación capítulos 1 a 3.**

Segundo o SEC, aplícase o criterio de caixa, polo que hai que realizar un axuste negativo polo importe dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 3 que non foron recadados, así como un axuste positivo polo importe dos dereitos recoñecidos de exercicios pechados que se recadaron no 2020.

CAPITULO	DRN	DR corrente	DR pechados	Axuste
<b>I</b>	6545606,75	5662360,74	533653,42	-349592,59
<b>II</b>	344511,74	343016,31	12249,73	10754,3
<b>III</b>	5948410,47	5598563,03	898805,07	548957,63
<b>TOTAL</b>	12838528,96	11603940,08	1444708,22	210119,34

**2. Devolución da liquidación da PIE de 2008, 2009 e 2017.**

Efectuarase un axuste positivo polas cantidades reintegradas ao Estado en 2020 con motivo da devolución da liquidación da PIE de 2008, 2009 e 2017.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2020	48.616,32
---	-----------





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Devolución liquidación PIE 2009 en 2020	75.407,16
Devolución liquidación PIE 2017 en 2020	44.744,27
<b>TOTAL</b>	<b>168.767,75</b>

### 3. Fondos europeos.

O momento de rexistro destes ingresos a efectos de contabilidade nacional será aquel en que a Corporación realice o gasto, o cal debe coincidir co envío dos documentos á Comisión da Unión Europea. Neste caso habería que ter en conta os gastos realizados dentro do programa EDUSI.

Gastos executados en 2020 EDUSI	230.204,27
Porcentaxe financiación UE	80,00%
Importe financiado UE	184.163,42
<b>TOTAL</b>	<b>184.163,42</b>

### - **Resumo dos axustes.**

AXUSTES	IMPORTE
Axuste 413	-88.552,29
Axuste recadación	+210.119,34
Liquidación PTE	+168.767,75
Axuste fondos UE	+184.163,42
<b>TOTAL</b>	<b>474.498,22</b>

<b>CAPS. 1 A 7 DE INGRESOS – CAPS. 1 A 7 DE GASTOS</b>	<b>502.300,38</b>
<b>AXUSTES</b>	<b>474.498,22</b>
<b>SALDO FINANCEIRO</b>	<b>976.798,60</b>

Temos por tanto, un superávit de 976.798,60 euros.

### **REGRA DE GASTO**

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación de gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

de crecemento do PIB de media prazo da economía española.

Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.

O cálculo da regra de gasto parte da guía aprobada para tal fin pola IGAE, que establece que a base do mesmo será a liquidación de 2019. O informe elaborado pola Intervención do Concello de Ribeira co obxecto da liquidación do orzamento do ano 2019 establecía un gasto computable de 17.688.296,63 euros, que incrementado na taxa de referencia nominal para o 2020 do 2,9%, deixaría un límite de gasto computable para o 2020 de 18.201.257,23 euros, ao que habería que sumar o aumento permanente de recadación correspondente á aprobación da taxa de saneamento, que deu lugar a un importe de a un importe de 721.633,07 euros de dereitos recoñecidos netos, polo que o límite para o gasto computable final para 2020 será de 18.922.890,30 euros. Polo tanto, procede verificar que o gasto computable que se deriva da liquidación orzamentaria de 2020 está dentro do límite mencionado anteriormente.

	CALCULO DA REGLA DE GASTO (art. 12 Lei Organica 2/2012)	Liquidación 2020
+	Cap.1 Gastos de persoal	7.209.922,93
+	Cap.2 Compra de bens e servizos	10.680.599,03
+	Cap.3 Gastos financeiros	24.930,64
+	Cap.4 Transferencias correntes	678.619,16
+	Cap.6 Inversions	3.167.474,48
+	Cap.7 Transferencias de capital	21.248,31
=	<b>A) EMPLEOS NON FINANCIEROS</b>	<b>21.782.794,55</b>
+ / -	Axustes SEC 95 que inciden en gastos (*)	88.552,29
=	<b>B) EMPLEOS NON FINANCIEROS AXUSTADOS</b>	<b>21.871.346,84</b>
-	Intereses da débeda	24.930,64
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP (**)	3.163.359,59
-	Inversións financeiramente sostibles financiadas con RTGX	-
=	<b>C) GASTO COMPUTABLE FINAL</b>	<b>18.683.056,61</b>

O gasto computable derivado da liquidación de 2020 é de 18.683.056,61 euros, cifra que é inferior ao límite de gasto computable para o ano 2020, que era de 18.922.890,30 euros, do que se deriva que o Concello de Ribeira CUMPRIU coa regra de gasto na liquidación do orzamento de 2020, cunha marxe de 239.833,69 euros.

\*Os axuste SEC95 que se recolle son os referentes aos acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento (incremento de 88.552,29 euros).

\*\*O desglose dos gastos financiados con fondos finalistas é o seguinte, recolléndose os gastos concretos no anexo I a este informe:





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE
Deputación da Coruña	871.518,90
Xunta de Galicia	2.101.904,65
Outras AAPP	189.936,04
<b>TOTAL</b>	<b>3.163.359,59</b>

**DÉBEDA VIVA**

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non superar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2020.

Dado que para a Administración Local no se estableceu en termos de ingresos non financeiros o obxectivo, resulta de aplicación o límite que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando o disposto na Disposición Final Trixésimo primeira da LPGE para 2013:

“Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.”

Non obstante, o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do estado español, e neste computarían so os avais executados.

O volume de débeda viva a 31/12/2020 ofrece o seguinte dato:

PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO	
CV	7.383.767,18 euros
ILC	21.310.492,44 euros
<b>EL = (CV / ILC)*100</b>	<b>34,65%</b>

**EL:** Endebedamento Local

**CV:** Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, a 01/01/2021.

**ILC:** Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento do exercicio 2020.





**SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DE 2019**

O artigo 32 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta da mesma.

Na liquidación de 2019 resultou un déficit de 1.353.001,43 euros, polo que non se aplica este artigo.

**CONCLUSIÓN**

Por tanto, a liquidación do Concello de Ribeira:

1. **Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, presentado un superávit ao peche do exercicio de 976.798,60 euros.
2. **Cumpre co obxectivo de regra de gasto**, cunha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio de 239.833,69 euros.
3. **Cumpre co límite de débeda**, cun volume de débeda viva que ascende a 7.383.767,18 euros, que supón o 34,65 % dos ingresos correntes de carácter ordinario.

En Ribeira, á data da sinatura dixital,

**O INTERVENTOR,**

**Pablo Bao Castro**

**ANEXO I: GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS**

Conservatorio municipal	19000
Animador deportivo	14400
Técnico museo	12000
Normalización lingüística	12000
Técnico xestión cultural	15000
Técnico San Roque	13500
Oficinas turismo	20000
Limpeza de praias	14258,66
Rede Cultural 2019	1819,08







CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Elaboración ordenanza de ruidos	2150,54
Pos adicional 1/2020	75282,56
Pos adicional 2/2020	60649,18
Rede cultural 2020	15208,78
Saneamento Barrosas	6730,12
Saneamento rúas Prado, Rocapellón e Campo da Agra	36105,12
Renovación saneamento rua Delicias e Dunas	50804,13
Instalación rede saneamento Rúa dos Bolos (AP 2018)	27999,98
Reposición pavimento Rúa do Canal (AP 2017)	36320,65
Pavimentación Escorial (AP 2017)	85965,66
Pavimento Perdígoteira (AP 2017)	51927,5
Aglomerado rúa Atalaya (AP 2017)	36056,83
Instalación pluviais Xarás (AP 2018)	131019,03
Pavimentación Pedra do Pino (AP 2018)	33211,8
Pavimentación Insuela (Pos+ adic 1/2017)	8368,36
Pavimentación Rúa do Mar (Pos adic 1/2017)	91740,92
<b>TOTAL SUBVENCIONS DEPUTACION</b>	<b>871518,9</b>

Plan drogodependencias	372756,35
Servizos sociais	189000
Axuda no fogar	557714,93
CIM	37178,31
Poboación inmigrante	3030,72
ADL	12106,05
Socorristas	21000
Técnico orientador de emprego	25000
Axente TIC	15000
Auxiliares policía local	6000
Convenio antilume	59147,12
Informadores turísticos	4558,23
Reforzo educativo	2597,76
Aprol rural 2020	19058,76



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ribeira no camiño	4936,8
Obradoiro de emprego O POTE II	34180,73
Curso AFD	16284,99
Limpeza colexios electoriais	2722,5
Obradoiro de emprego O POTE	290037,44
Brigada temporal Risga 2019	51129,67
Express Arte	4800
Artes Terapia	6681,53
Elaboración PACES	10285
Promoción lingua galega	2788,6
Dinamización lectura	1347
Cultura no camiño	4800
Aprol rural 2019	5854,5
Adquisición libros	3666,66
Excavación Castro da Cidá	121246,09
Renovación beirarrúas Avda. Ramiro Carregal	26511,06
Melloras na Fieiteira	31108,62
Pavimentacion beirarrúas Xarás	66123,48
Control praias Covid	18332,75
Mellora camiños Olveira	9560,68
Adquisición vehículo emerxencias	23135,19
Pluviais no Carreiro	6975,44
Novidades en galego	2436,24
Mellora accesibilidade Pedra da Ra	30000
Proxecto compostaxe	1563,32
Novidades en galego conv. Extr.	1248,13
<b>TOTAL SUBVENCIÓNS XUNTA DE GALICIA</b>	<b>2101904,65</b>

Estado Edusi	184163,42
Estado Pacto contra a violencia de xénero	5772,62
<b>TOTAL SUBVENCIÓNS OUTRAS AAPP</b>	<b>189936,04</b>



FIRMANTE - FECHA





<b>TOTAL GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS</b>	<b>3163359,59</b>
---	-------------------

O Pleno queda enterado.

## 22.-DAR CONTA PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO 2021

Dase conta ao Pleno da Corporación do Plan Anual de Control Financeiro do ano 2021 e que é do seguinte tenor literal:

### ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>PARTE I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....</b>	<b>3</b>
I.1. INTRODUCCIÓN.....	3
I.2. O CONTROL INTERNO.....	3
I.3. O NOVO MARCO LEGAL.....	3
I.4. AS DIFERENTES EXPRESIÓNS DO CONTROL ECONÓMICO FINANCEIRO.....	4
I.5. ÁMBITOS SUBXECTIVOS DE APLICACIÓNS DAS DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL FINANCEIRO.....	5
<b>PARTE II. O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO. ALCANCE E FINS.....</b>	<b>6</b>
II.1. O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO COMO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN.....	6
II.2. ALCANCE SUBXECTIVO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.....	7
II.3. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.....	7
II.4. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.....	7
<b>PARTE III. CONTIDOS ESPECÍFICOS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.....</b>	<b>9</b>
III.1. ESTRUCTURA DOS CONTIDOS.....	9
III.2. ACTUACIÓNS DE CONTROL PERMANENTE.....	9
<b>PARTE IV. RESULTADOS, CONCLUSIÓNS E EFECTOS DO CONTROL FINANCEIRO.....</b>	<b>12</b>
IV.1. DOCUMENTACIÓN DO CONTROL FINANCEIRO.....	12
IV.2. RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO.....	12
IV.3. PLAN DE ACCIÓN.....	13

### **PARTE I EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

#### **I.1. INTRODUCCIÓN**

O control do gasto é necesario e obrigatorio na sociedade actual e a propia Constitución Española no artigo 31.2 establece que o gasto público realizará una asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía.

O presente Plan Anual de Control Financeiro responde ás necesidades impostas polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o **novo Real Decreto 424/2017**, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, así como a obriga de controlar a xustificación de subvencións concedidas recollida na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, mediante un control financeiro a posteriori en materias que foran obxecto dunha fiscalización limitada ou incluso mediante auditoría de cumprimento sobre a actividade reflectida nas contas anuais das sociedades mercantís dependentes.

#### **I.2. O CONTROL INTERNO.**

De acordo co fixado no artigo 136 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade das Administracións Locais (en adiante, LRBRL), a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira





e orzamentaria, **na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia**, corresponderá á Intervención xeral municipal.

O artigo 92 bis da citada LRBRL establece que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

Segúndescribióntida na páxina oficial do Tribunal de Contas, a finalidade última do control interno da Entidade local é garantir que a actividade económico-financeira de dita Entidade adecúase aos **principios de legalidade, economía, eficiencia e eficacia**. Este control contribúe a reforzara transparencia ante o cidadán das contas da Entidade local, de forma que estas proporcionen unha información fiable, completa, profesional e independentesobre a xestión desenvolvida pola Administración. Na Administración local española o control interno de cada entidade está atribuídoá Intervención Municipal.

### I.3. O NOVO MARCO LEGAL.

O artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), **trala modificación experimentada con motivo da promulgación da Lei 27/2013**, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, formula o seguinte mandato:

“Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículosiguientes las funciones de control interno respecto de sugestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellasdependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluída la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.

A proposta del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, **el Gobierno establecerá las normas sobre los procedimientos de control, metodología de aplicación, criterios de actuación, derechos y deberes del personal controlador y destinatarios de los informes de control, que se deberán seguir en el desarrollo de las funciones de control indicadas en el apartado anterior.**

Los órganos interventores de las Entidades Locales remitirán con carácter anual a la Intervención General de la Administración del Estado un informe resumen de los resultados de los citados controles desarrollados en cada ejercicio, en el plazo y con el contenido que se regulen en las normas indicadas en el párrafo anterior.

Transcorridos máis de tres anos desde que o mencionado mandato foi establecido, o 12 de maio de 2017 viu a luz no BOE a publicación do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que seregula o Réxime Xurídico do Control Interno nas Entidades do Sector Público Local (en adiante, RD424/2017), disposición de carácter regulamentario cuxa entrada en vigor previuse para o 1 de xullo de 2018.

Especial atención precisaríatodo o relativo ao control financeiro que, xunto á función fiscalizadora, integra o control interno económico-financeiro da entidade local y das entidades dependentes.

Convén destacar neste punto que no artigo 29.4 do RD424/2017 recóllese que noexerciciodo control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría públicavixentes en cada momento para o sector público estatal.

### I.4. AS DIFERENTES EXPRESIÓNS DO CONTROL INTERNO ECONÓMICO FINANCEIRO.

O citado RD424/2017 establece o marco operacional que dimana do control interno na súa máis ampla acepción; o que se manifesta nas diferentes formas en que dito control interno seaplica. Ditas diferenzaspónense de releve tanto na metodoloxía que se emprega como no ámbito do seu alcance. As modalidades son as seguintes:

#### I.4.1. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN FORMAL

Na súa modalidade de fiscalización previa, consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos **legais** para a adopción do acordo mediante **exame de documentos** que previamente deban estar incorporados ao expediente.

#### I.4.2. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN MATERIAL

Ten por obxecto comprobar a **real e efectiva aplicación** dos fondos públicos.

#### I.4.3. O CONTROL PERMANENTE

Según o artigo 29.2 do RD 424/2017, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local eos organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, **co fin último de mellorar a xestión** no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, **organizativo e procedimental**. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría. O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de controlque anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como asactuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor (véxase a ester respecto o previsto no 4.1.b) Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación nacional, endianteRD128/2018).





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**I.4.4. A AUDITORÍA PÚBLICA**

Seguindo co artigo 29.3 do RD424/2017, a auditoría pública consistirá na verificación, **realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática**, da actividade económico-financieiro do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e **instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado**. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades: a auditoría de contas e as auditorías de cumprimento e operativa.

Distingúense tres tipos de auditorías:

**a) Auditorías de contas.**

Teñen por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables y orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada (artigo 29.3.A do RD424/2017).

**b) Auditorías de cumprimento.**

Teñen como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financieira leváronse a cabo de conformidade coas normas que lles son de aplicación (artigo 29.3.B do RD424/2017).

**c) Auditorías operativas.**

Teñen como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financieira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección de aquelas (artigo 29.3.B do RD424/2017).

**I.5. ÁMBITOS SUBXECTIVOS DE APLICACIÓN DAS DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO.**

Atendendo aos contidos do RD 424/2017 o ámbito subxectivo do control interno aplicado ao Concello de Ribeira sería o seguinte:

	FUNCIÓN INTERVENTORA	CONTROL FINANCEIRO		
		CONTROL PERMANENTE	AUDITORÍA	
			DE CONTAS	DE CUMPRIMENTO/OPERATIVA
<b>CONCELLO DE RIBEIRA</b>	Sí	Sí	NON	NON

**PARTE II O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO, ALCANCE E FINS.**

**II.1. O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO COMO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN.**

O apartado 3º da Exposición de motivos do RD 424/2017 recolle que, como novidade importante a destacar, o texto desenrola a necesidade e obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para elo, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións e alteracións que se produzan. O Plan Anual de Control Financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, cando menos, un control efectivo do oitenta por cento do orzamento xeral consolidado.

Pola súa parte, o artigo 31 do RD 424/2017 desenrola a planificación do control financeiro con mención expresa aos órganos aos que atinxe a súa confección, aplicación e obtención de conclusións. A estes efectos establece dito artigo que:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretenden conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de





fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno.”

## II.2. ALCANCE SUBJECTIVO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

A partir das consideracións contidas nos epígrafes anteriores, o alcance subxectivo do Plan Anual de Control Financeiro esténdese ao Concello de Ribeira unicamente, por non ter estas entidades dependentes.

## II.3. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

Ao presente plan sucederá outro en cuxa elaboración terase en consideración as conclusións alcanzadas neste. Ata que non sexa aprobado, o presente plan entenderase prorrogado.

## II.4. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Os contidos que debe incorporar un Plan Anual de Control Financeiro veñen descritos en termos xerais no artigo 31.2 do RD 424/2017, anteriormente reproducido.

Distínguense dous tipos de contidos:

1. As actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.
2. As actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

### II.4.1. ACTUACIÓNS DERIVADAS DE OBRIGAS LEGAIS.

Identifícase como actuacións de control financeiro permanente derivadas de obrigas legais as que se relacionan a continuación segundo o previsto no artigo 4.1.b) do RD 128/2018:

1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.
3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.
4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.
5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.
6. Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.

### II.4.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS.

Como recolle o primeiro parágrafo do artigo 31.2 do RD 424/2017, a análise de riscos debe ser consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles. Así pois, o primeiro que toca determinar son os obxectivos, prioridades e medios.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A). **OBXECTIVOS E FINALIDADES DO PLAN.**

Os obxectivos que se pretenden alcanzar da aplicación do Plan son os que se enuncian a continuación:

1. Exercer un control planificado a curto e medio prazo sobre a xestión municipal coas ferramentas e procedementos sinalados na normativa de control interno nas Entidades Locais (unhas veces de forma previa e outras mediante control financeiro ou auditoría pública) que sirvan ao xestor para mellorar dunha forma máis eficiente os recursos públicos.
2. Realizar un diagnóstico da xestión económico-financieira, sinalando debilidades, desviacións ou deficiencias.
3. Propoñer accións de mellora que corrixan ditas debilidades, desviacións ou deficiencias; e, incluso, aínda non dándose estas, permitan optimizar a xestión económico-financieira.
4. Avaliar os efectos da aplicación do Plan a fin de introducir melloras en futuros plans da mesma natureza.
5. Servir de axuda á Delegación de Economía e Facenda no relativo ao seguimento e asesoramento da xestión dos entes que integran o ámbito subxectivo do Plan, así como aos de control financeiro e de fiscalización que corresponden á Intervención Xeral.
6. Mellorar a transparencia da xestión económico-financieira dos citados entes.

B). **PRIORIDADES DO PLAN.**

As prioridades do Plan fíxanse a partir da análise combinada de tres factores:

1. A trascendencia do impacto potencial, cualitativo e cuantitativo que as debilidades, desviacións ou deficiencias poidan ter.
2. A probabilidade ou risco de que ditas debilidades, desviacións ou deficiencias poidan producirse.
3. O custe da oportunidade que a implementación das medidas poida comportar en relación á gravidade dos prexuízos que a súa non implementación comportarían.

C) **MEDIOS DISPONIBLES.**

Os medios dispoñibles son, basicamente, os recursos humanos de que dispón a Intervención Municipal que sexan asignados á función de control financeiro.

II.4.3. **IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS.**

O artigo 31.3 do RD 424/2017 prevé que o Plan Anual de Control Financeiro se elaborará unha vez identificados e avaliados os riscos, segundo o concepto que dos mesmos se recolle no apartado 2 do mesmo artigo.

A aplicación do segundo Plan anual levada a cabo durante o ano 2020 permitiu identificar os principais riscos na xestión económica do Concello de Ribeira.

No informe resumo elaborado por esta intervención aparecen como as principais anomalías detectadas que existen un plan de acción para a súa solución o fraccionamento en varios contratos de servizos e subministros.

II.4.4. **ASIGNACIÓN DE PRIORIDADES.**

O terceiro parágrafo do citado artigo 31.2 do RD 424/2017 establece a necesidade de asignar prioridades para seleccionar as actuacións a realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cualitativos como cuantitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Establécense dous niveles de prioridade:

- 1º.- As áreas designadas como principais riscos no punto anterior: contratos menores e ausencia de Plan estratéxico de subvencións.
- 2º.- O resto de actuacións incluídas neste Plan.

**PARTE III CONTIDOS ESPECÍFICOS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO**

**III.1. ESTRUCTURA DOS CONTIDOS.**

Estrutúrase a descrición dos contidos sinalando en primeiro lugar que so se realizarán actuacións de control permanente, por non resultar de aplicación as de auditoría pública ao Concello. En todo caso, constituirá un obxectivo o control de eficacia, que comporta a verificación de:

1. Grado de cumprimento dos obxectivos programados.
2. Custe e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210722543
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/07/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 27/07/2021	Fecha: 27/07/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2021 12:43:56		Hora: 12:43





### III.2. ACTUACIÓN DE CONTROL PERMANENTE.

#### III.2.1. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

O control permanente ven resultar unha continuación da fiscalización limitada previa, á que complementa, coa diferenza de que se realiza de forma exhaustiva, a posteriori, con criterios de mostraxe e técnicas de auditoría. Lévese a cabo atendendo a razón fundadas na análise de riscos. Atendendo a este razoamento, o ámbito subjectivo do control permanente constitúeno as entidades suxeitas a fiscalización limitada previa, que é o caso do Concello de Ribeira.

#### III.2.2. ÁMBITOS OBXECTIVOS DE APLICACIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

Con carácter xeral, o control permanente inclúe aquelas actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor. Estas actuacións, como se sinalou anteriormente, corresponderíanse coas previstas no artigo 4.1.b) do RD 128/2018, así como calesquera outras que, sendo atribuídas ao órgano interventor polo ordenamento xurídico, respondan aos mesmos propósitos do control permanente.

As referidas actuacións de obrigada realización que respondan a circunstancias concretas e específicas (caso, por exemplo, da emisión de informes ou participación en órganos) non son obxecto de planificación, levándose a cabo nos momentos que sexan procedentes ou requiridas.

Sen prexuízo do recollidos nos dous parágrafos anteriores, o ámbito obxectivo do control permanente constituirá calquera aspecto da xestión económico-financieira dos entes suxeitos a dito control que, a tenor da análise que efectúe a Intervención Xeral, se consideren que conteñen potenciais factores de risco, priorizándose segundo o grado de este medido conforma ao modelo antes detallado.

En todo caso, e non sendo obstáculo para engadir outros, prevese exercer o control permanente nos ámbitos da xestión económico-financieira que se relacionan a continuación:

1. En materia de ingresos:
  - a. Recoñecemento de dereitos de cobro.
  - b. Ingresos en xeral.
  - c. Anulacións de dereitos de cobro.
  - d. Beneficios fiscais.
  - e. Devolucións de ingresos.
2. En materia de gasto e de patrimonio:
  - a. Gastos de persoal (capítulo 1 de gastos), con especial focalización en: contratación de persoal, realización de horas extraordinarias, retribucións en concepto de produtividade e adecuación retributiva ao establecido en convenios, acordos e Lei de orzamentos xerais do Estado.
  - b. Contratación (capítulos 2 e 6 de gastos), con especial énfase en: aprobación de expedientes, procedementos de adjudicación, modificacións e execución, tanto no caso de contratos maiores como menores.
  - c. Subvencións e convenios de colaboración (capítulos 4 e 7 de gastos), atendendo principalmente a concesións, aplicación e xustificación das subvencións.
  - d. Materia patrimonial, con especial énfase en adquisicións, enaxenacións e cesións.

As técnicas de auditoría a aplicar no control permanente responderán ás establecidas en outros ámbitos institucionais, particularmente os do Estado.

#### III.2.3. EXECUCIÓN DO CONTROL PERMANENTE.

De conformidade co establecido no artigo 32 do RD 424/2017, a execución das actuacións de control permanente axustaranse aos seguintes requirimentos:

1. Los trabajos de control permanente se realizarán de forma continuada e incluírán las siguientes actuacións:
  - a) Verificación del cumplimiento de la normativa y procedimientos aplicables a los aspectos de la gestión económica a los que no se extiende la función interventora.
  - b) Seguimiento de la ejecución presupuestaria y verificación del cumplimiento de los objetivos asignados.
  - c) Comprobación de la planificación, gestión y situación de la tesorería.
  - d) Las actuaciones previstas en las normas presupuestarias y reguladoras de la gestión económica del sector público local atribuídas al órgano interventor.
  - e) Análisis de las operaciones y procedimientos, con el objeto de proporcionar una valoración de racionalidad económico-financiera y su adecuación a los principios de buenagestión, a fin de detectar sus posibles deficiencias y proponer las recomendaciones en orden a la corrección de aquéllas.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210722543
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 27/07/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 27/07/2021	Fecha: 27/07/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/07/2021 12:43:56		Hora: 12:43







CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

f) En la Entidad Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que los datos e información con trascendencia económica proporcionados por los órganos gestores como soporte de la información contable, reflejan razonablemente el resultado las operaciones derivadas de su actividad económico-financiera.

2. El órgano interventor comunicará al órgano gestor el inicio de aquellas actuaciones de control permanente que requieran su colaboración.

3. Las verificaciones necesarias para el desarrollo de los trabajos de control permanente se realizarán de forma sistemática y mediante la aplicación de procedimientos de análisis de las operaciones o actuaciones seleccionadas al efecto, que permitan obtener una evidencia suficiente, pertinente y válida.

4. En el caso de que dichas verificaciones se efectúen aplicando procedimientos de auditoría se someterán, a falta de norma específica, a lo establecido en las normas de auditoría del sector público aprobadas por la Intervención General de la Administración del Estado.

5. Las actuaciones a realizar podrán consistir, entre otras, en:

a) El examen de registros contables, cuentas, estados financieros o estados de seguimiento elaborados por el órgano gestor.

b) El examen de operaciones individualizadas y concretas.

c) La comprobación de aspectos parciales y concretos de un conjunto de actos.

d) La verificación material de la efectiva y conforme realización de obras, servicios, suministros y gastos.

e) El análisis de los sistemas y procedimientos de gestión.

f) La revisión de los sistemas informáticos de gestión que sean precisos.

g) Otras comprobaciones en atención a las características especiales de las actividades económico-financieras realizadas por el órgano gestor y a los objetivos que se persigan.

A continuación detállanse os contidos do control permanente atendendo a tres grandes áreas: ingresos, gastos e subvencións.

#### 1. INGRESOS.

1.1. Impostos e taxas: serán obxecto de control financeiro a aprobación e modificación das ordenanzas fiscais que se leven a cabo durante o exercicio 2021.

1.2. Prezos públicos: someterase a control financeiro a xestión dun prezo público.

#### 2. GASTOS.

2.1. Gastos de persoal:

2.1.1. Horas extraordinarias: será obxecto de control financeiro as horas extraordinarias correspondentes a un mes no que se abonen as mesmas.

2.2. Capítulos 2 e 6 do orzamento:

2.2.1. Comprobación contratos menores: a través dos datos da contabilidade e do modelo 347 intentarase detectar posibles fraccionamentos de contrato, para concretar as necesidades de licitación de servizos e subministrados, facendo especial fincapé nos fraccionamentos detectados no control financeiro realizado durante o exercicio 2020.

2.2.2. Contratación: serán obxecto de control financeiro un expediente de contratación de servizos, un de subministrados e un de obras.

#### 3. SUBVENCIONES.

3.1. Aportacións a grupos políticos: efectuarse control financeiro sobre o destinos dos fondos percibidos polos grupos políticos municipais con cargo aos orzamentos do Concello de Ribeira.

3.2. Subvencións en concorrencia competitiva: efectuarase control financeiro sobre unha convocatoria.

### **PARTE IV RESULTADOS, CONCLUSIONES E EFECTOS DO CONTROL FINANCEIRO.**

#### **IV.1. DOCUMENTACIÓN DO CONTROL FINANCEIRO.**

Conforme ao previsto no artigo 35.1 do RD 424/2017, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se exporán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser subsanadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Igualmente, terase presente, que conforme ao artigo 35.2 da mencionada disposición, a estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### IV.2. RESULTADOS DO CONTROL FINANCEIRO.

Á luz do establecido nos artigos 35, 36 e 37 do RD 424/2017, os resultados do control financeiro materializaranse e tramitaranse conforme se indica a continuación:

1. Os resultados das actuacións de control financeiro, con independencia de que sexa permanente ou de auditoría pública, documentaranse en informes escritos.
2. A Intervención Xeral elevará a definitivos os respectivos informes.
3. Os informes definitivos serán postos en coñecemento do Alcalde e, a través de este, do Pleno, para o seu coñecemento, que dedicará un punto independente da orde do día á súa análise.
4. Ao marxe do establecido nos puntos anteriores e coincidindo coa aprobación da conta xeral, a Intervención Xeral elaborará un informe resumo de carácter anual non que se conteñan or resultados máis significativos das actuacións de función interventora de de control financeiro.
5. Dito resumo anual será trasladado ao Alcalde para que, á súa vez, o eleve ao Pleno e á Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### IV.3. PLAN DE ACCIÓN.

De conformidade co artigo 38 do RD 424/2017, no prazo de 3 meses desde a remisión ao Pleno do informe resumo anual coas conclusións do control interno, o Alcalde formalizará un Plan de Acción que determine as medidas a adoptar para subsanar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe antes mencionado.

